

1873. O federalismo do Centro de Iniciativa(s) para Galicia ou o silencio normativo dun <s> na historiografía galega

JORGE CAGIAO Y CONDE¹
Université de Tours

Resumo:

O Centro de Iniciativa para la Nueva Organización de Galicia nace en Santiago, en xuño de 1873, e pode considerarse como a primeira tentativa colectiva seria feita dende Galicia para pensar o federalismo e o lugar de Galicia na federación española. O coñecemento que hoxe se ten daquel pioneiro ensaio galego en prol do federalismo é, naturalmente, o que nos dá a historiografía galega, a cal se refire en non poucos casos ao devandito centro dun xeito moi significativo, pois de *Centro de Iniciativa* pasa a *Centro de Iniciativas*. Agora ben, por que engadir un <s> onde non o hai? Que é o que ese plural nos está a dicir? Neste traballo téntase amosar que ese <s> silencia ou desactiva, sen dúbida involuntariamente, unha parte fundamental da filosofía federal no pensamento do pacto, imposibilitando deste xeito o bo entendemento tanto, historicamente, do proxecto do centro, como a maiores, normativamente, da idea federal.

Palabras clave: Centro de Iniciativa, federalismo galego.

Abstract:

The *Centro de Iniciativa para la nueva organización de Galicia* was founded in Santiago de Compostela in June 1873. It may be considered Galicia's first serious collective attempt to think about federalism and to reflect its place within the Spanish federation. All we know today about this pioneering attempt in pursuit of federalism is naturally provided by Galician historiography, which refers in a not inconsiderable number of cases to the Centro, and in a way which is all the more meaningful since the term *Centro de Iniciativa* has gradually turned into *Centro de Iniciativas*. What is this plural <s> supposed to mean? In this paper, we will try to explain that this <s> silences or deactivates, although in an undoubtably involuntarily manner, a fundamental part of the philosophy of the federalist pact. Thus, the understanding of the Centro's federal project from a historical as well as normative perspective was made difficult.

Key words: Centro de Iniciativa, Galician federalism.

¹ Membro do equipo CIREMIA.

Este traballo sobre o Centro de Iniciativa² (CI) é unha modesta contribución á xa densa literatura especializada sobre o federalismo, que fai parte dun máis ambicioso proxecto de investigación sobre a teoría federativa. O obxecto da nosa análise (o CI) é, pode dicirse, un microfenómeno case descoñecido na nosa historia e ao que a historiografía galega non lle dedica máis que algunhas páxinas. Agora ben, como tentaremos amosar, dos fenómenos ou experiencias a primeira vista máis insignificantes poden, ás veces, sacarse conclusións de non pouca importancia.

A nosa intención é presentar algunhas reflexións e hipóteses de traballo sobre o federalismo e o nacionalismo que nos permitan resituarse, de xeito teoricamente máis axeitado, a historia do federalismo galego na historia e evolución do galeguismo. Iso permitiríanos, por exemplo, rachar con tópicos tan frecuentes como o da incompatibilidade ou contradición teórica entre federalismo e nacionalismo, isto é, que o nacionalista non pode ser federalista, e viceversa. As cousas son, non obstante, un pouco máis complexas. Na primeira parte (1) explicaremos brevemente que é o CI. Na segunda parte (2) veremos como se recolle a súa experiencia na historiografía galega e cal é o valor ou o sentido que lle podemos dar a ese <s> que atopamos nalgúns dos máis relevantes traballos sobre o tema. As hipóteses iniciais, de verse confirmadas, terían que levar, claro é, a unha renovada reflexión sobre o federalismo, máis acorde cos seus mesmos principios e valores e, só por iso, as devanditas hipóteses poden ter certa pertinencia e utilidade. Con esta reflexión (3) pecharemos o noso traballo.

1. O CENTRO DE INICIATIVA PARA LA NUEVA ORGANIZACIÓN DE GALICIA

O CI nace o 22 de xuño de 1873 en Santiago de Compostela, apenas dúas semanas despois de ser proclamada a república federal en Madrid polas Cortes o 8 dese mesmo mes. A súa efémera vida (apenas 2 meses) contrasta coa súa intensa actividade e a importancia das cuestións tratadas polo centro en tan pouco tempo. Resumindo máis do que se debería³, pode dicirse que o CI é un proxecto político iniciado polos republicanos de Santiago; proxecto interclasista e aberto ás outras formacións ou tendencias políticas, o que nos permite ver nel un devanceiro dos partidos e asociacións rexionalistas e nacionalistas que virán máis tarde, como se sabe, a partir das últimas décadas do século XIX. O manifesto fundador do CI, (enviado por toda Galicia e aos seus representantes no Congreso) é explícito dabondo sobre este punto:

No enarbolamos ninguna bandera política. Nuestra empresa no es servir la causa de ningún partido, sino la causa del pueblo gallego. [...] Bajo los anchos pliegues de

² Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, fondo municipal, caixa «Asociaciones I», carpeta 8 «Centro de iniciativas para la nueva organización de Galicia. 1873». Téñase en conta que a carpeta se chama «centro de iniciativas», e non «centro de iniciativa». Todas as referencias a pé de páxina sobre os papeis do CI aparecerán citadas de aquí en diante coas iniciais CI.

³ Para un estudo máis detallado do CI, permítasenos remitir aos nosos traballos: Cagiao, 2005: 485 e ss., 2006a, 2006b. Cf. tamén Barreiro, 1975; Moreno, 1978: 193 e ss.

nuestra enseña no sólo caben, sino que aspiramos a que militen y tengan representación todas las categorías, todas la clases, todos los partidos, todos los intereses (CI, 1873).

O dato é interesante e di moito sobre o seu carácter galeguista e precursor, pero o que nos interesa, sobre todo, é entender o sentido da palabra «iniciativa» coa que os iniciadores do proxecto tiveron a ben nomear o devandito centro; xa que, como imos ver, non só ten esta palabra un significado ben preciso no campo léxico do federalismo, senón que, ademais, a súa elección por parte dos membros do CI vén tamén motivada polo particular contexto no que xorde: un momento histórico, o do Sexenio Democrático, caracterizado, entre outras cousas, polas discusións teóricas e disensións sobre o sentido do federalismo entre os republicanos federais⁴.

O CI non sae certamente da noite para a mañá: responde a un movemento de maduración e autonomización do federalismo galego con respecto ao español durante o Sexenio. O punto culminante deste proceso chega a finais de 1872, cando se produce a insurrección do arsenal de Ferrol⁵ e a posterior condena do líder dos republicanos federais españois no Congreso, Francisco Pi y Margall. Esta condena motivará a ruptura do republicanismo federal galego co de Madrid, e fícará consumada na Asemblea Cantonal de Santiago dos días 12, 13 e 14 de xaneiro de 1873, na que se acorda, entre outras cousas, non enviar ningún delegado a Madrid, e que deixa dabondo claro a súa oposición ao federalismo por arriba do partido republicano federal español. Agora ben, como se sabe, un mes máis tarde, o 11 de febreiro, proclámase a república española, e os republicanos galegos, un mes antes rifados cos de Madrid, van poñer as súas arelas cantonalistas e federais nun segundo plano, pensando quizais —como pensaban— que, de todos os xeitos, a república non podía ser máis que federal⁶. Optábase, polo tanto, pola colaboración co partido de Madrid e polo acatamento das consignas de orde e tranquilidade que chegaban da capital. A posterior historia xa se coñece: a república vai ir a tombos ata que o golpe de estado do xeneral Pavía lle pon fin oficiosamente, en xaneiro de 1874, á crise permanente na que vive durante todo ese ano. Polo tanto, cando se proclama a república federal, a primeiros de xuño, a crise xa é insostible e a desconfianza coa que parte dos federais galegos ollaban a acción dos seus correlixionarios de Madrid volve estar de actualidade e motiva a súa acción e *iniciativa*. O manifesto do CI, *A Galicia*, expón o problema como segue:

Una vez proclamada en España la República federal, ¿conviene tomar la iniciativa en la nueva organización política de nuestro territorio? ¿Conviene nombrar para realizarlo un centro iniciador con poderes amplios? (CI, 1873).

⁴ Moi significativos neste sentido son, por exemplo, os artigos publicados no xornal republicano federal intransixente *El Deber*, de Pontevedra, (conservado no Museo Provincial de Pontevedra) nos meses seguintes á proclamación da I República, nos que se leva a cabo longamente un traballo de *pedagogía federal* (núms. 1, 2, 6, 8, 11, 16, etc.). Os números citados son reproducidos en Cagiao, 2005: 690 e ss.

⁵ Sobre o tema, véxase: Gomís, 2000.

⁶ Esta é unha idea que atopamos na maioría dos escritos republicanos da época. Cf. Cagiao, 2006a.

Lémbrese que as Cortes aínda non aprobaran a Constitución —nin o farán—. Tendo en conta este dato, e se pensamos que durante o Sexenio, e non só en Galicia, o republicanismo federal está a discutir se a federación virá por arriba (descentralización) ou por abaixo; e no caso de que viñese por abaixo, cales habían de ser os suxeitos soberanos do pacto, se os individuos (soberanía nacional que leva *in fine* á descentralización), como o pensaba Pi y Margall, ou os territorios historicamente constituídos e con personalidade propia, como o propoñía Valentí Almirall e os federais intransixentes. Pódese concluír que a palabra «iniciativa» pode estar a referirse á vontade e ao poder de decisión dos suxeitos parte na formación da federación (estrutura, institucións, competencias, etc.), e, polo tanto, ao suxeito habilitador dese pacto federativo, isto é, Galicia, segundo os homes do CI.

Con todo, ademais, se o contexto xa é, como dicíamos, explícito dabondo; o sentido da palabra «iniciativa» tampouco é intrascendente tratándose do federalismo. Pouco tempo antes do Sexenio, temos, por exemplo, nos EUA a teoría do *compact federalism* do surista Calhoun, que será levada a Alemaña por Max von Seydel⁷, e que avogaba polo carácter contractual da federación e pola iniciativa e soberanía dos asinantes, é dicir, dos estados federados, en contra da teoría oposta do federalismo nacionalista —teoría maioritaria e que será dominante na ciencia política e xurídica—, que entendía que só o estado federal era soberano⁸.

Non temos constancia de que haxa una influencia directa de J. Calhoun sobre o federalismo galego, pero haina, en cambio, do teórico francés Proudhon, autor que comparte a tese de Calhoun, e no que a palabra «iniciativa» tamén semella ter un sentido ben característico na súa teoría federativa⁹. Se pensamos que o federalismo é o pacto de unión entre diferentes grupos territoriais (Requejo, 2003; Beaud, 2007), só aquel que ten capacidade de decisión pode ter a iniciativa autodeterminadora necesaria que caracteriza o pacto federativo. Todo o que saía dese modelo é un esquema descentralizador, como parece que o viron os homes do CI: «Esperamos a que da capital do Estado nos impoñan unha Constitución e unha estrutura federal, unhas competencias, unha fiscalidade, etc., ou collemos a tixola polo rabo e presentamos a nosa concepción do pacto federativo e as nosas condicións para a futura Constitución?» Ese parece ser o sentido da pregunta formulada polo CI, o que hoxe podería definirse como un federalismo plurinacional.

Vexamos agora o que os estudos historiográficos máis relevantes sobre o tema nos din.

⁷ Cf. sobre o tema o importante capítulo «Teoría constitucional de la Federación», de Carl Schmitt, na súa *Teoría de la Constitución* (Schmitt, 2003: 345 e ss.).

⁸ O simple feito de que existan antes do Sexenio importantes e ben coñecidas teorías federais que avogan pola orixe e polo carácter contractual da federación debería evitarnos a crítica de anacronismo, segundo a cal estaríamos a facer unha lectura moderna do pasado e a aplicarlle conceptos de hoxe que non existían entón.

⁹ A recepción e interpretación do pensamento federal de Proudhon en España fixose de maneira moi parcial, desnaturalizando o sentido do pacto federativo proudhoniano. Véxanse, sobre este tema, os nosos traballos: Cagiao, 2006c, *Proudhon*, no prelo.

2. INICIATIVA OU INICIATIVAS? O CI NA HISTORIOGRAFÍA GALEGA

Fica xa dito que o verdadeiro nome do centro é Centro de Iniciativa para la Nueva Organización de Galicia. Erran, polo tanto, todos aqueles traballos que a el fan referencia como «Centro de Iniciativas» (ver cadro). Ben é certo que o erro podería non ser máis ca un esquecemento ou unha falta de atención (o dedo desobedeceu a cabeza e non chegou á tecla s, poñamos por caso) sen incidencia sobre o sentido da palabra; pero aquí partimos precisamente da hipótese contraria, de que ese plural nos está a dicir algo¹⁰. O cadro seguinte presenta unha relación —que non pretende ser exhaustiva— de traballos historiográficos que teñen tratado o tema dun xeito ou doutro:

INICIATIVA	INICIATIVAS
Barreiro Fernández, 2001: 68	Barreiro Fernández, 1973: 104 e ss., 1977: 37-39, 1981: 280-81 e 334-37
Moreno, 1974: 201, 1978: 184 e ss.	Beramendi, 2001: 185-90, 2007: 168
Cores Trasmonte, 1976: 105 e ss.	Gomis, 2000: 192-93
Beramendi e Núñez Seixas, 1996: 37-42	Maiz, 1984: 75-77

Cómpre reparar en que non todos os traballos historiográficos consultados teñen a mesma importancia, nin respecto da transmisión dun saber (que foi o CI?, que foi o seu federalismo?), ou de vulgarización se se prefire, nin tampouco polo grao de especialización e coñecemento do tema de cada un deles. Non é o mesmo, por exemplo, o traballo realizado por Moreno González, ou Barreiro Fernández, que trataron directamente e de primeira man as fontes principais nos arquivos, que estudos secundarios que non se achegaron ás fontes e recollen, polo tanto, as conclusións sacadas dos traballos principais¹¹.

No caso, sen dúbida máis importante, da difusión e transmisión do que supón a experiencia do CI, tampouco teñen a mesma importancia o que diga algún dos volumes de gran

¹⁰ Pensemos tamén que se o CI se chama «Centro de Iniciativa» e non «de iniciativas», algunha razón haberá para que así sexa —os fundadores do CI podían escoller «iniciativas» e non o fixeron—, e, por outra banda, pensemos tamén que en toda a documentación do CI aparece sempre a palabra «iniciativa», e non «iniciativas», ao carón da palabra «centro», o que tamén é significativo, pois de non ter a palabra un sentido ben determinado, sería posible atopar tamén na devandita documentación o mesmo que atopamos na historiografía galega, isto é, un equilibrio máis ou menos perfecto entre «iniciativa» e «iniciativas». Isto non pasa, repetimos, cos papeis do CI, xa que nin se trabucan os redactores nin aparecen «eses» polisóns.

¹¹ É o caso de todos os traballos citados, agás os de Moreno González e Barreiro Fernández.

difusión da *Historia de Galicia* de Barreiro, *O Nacionalismo galego* de Beramendi e Nuñez Seixas, e, sobre todo, o que será durante moito tempo a obra de referencia dos estudos sobre o galeguismo, *De provincia a nación*, de Beramendi, que outros traballos, se cadra máis especializados e mellor documentados, pero moito menos coñecidos —algúns deles inéditos, como a tese de licenciatura de Xan Moreno, e outros de difícil acceso, como o artigo pioneiro sobre o tema de Barreiro Fernández (1973), traballos todos que, en síntese, non teñen case difusión—. Para o noso tema, maior importancia ten, sen dúbida, o que digan os traballos con maior difusión, pois son eles os que, ao cabo, lles din, lles explican e lles transmiten ós lectores (a un maior número de lectores) o que foi e significou tal ou cal experiencia histórica (con <s> ou sen el), fixando así o sentido e o curso das cousas e das ideas, tecendo polo tanto unha cadea coherente de significado.

Pasemos, precisamente agora, ao significado do singular e do plural. Xa dixemos que a palabra «iniciativa» ten un sentido ben definido no campo léxico do federalismo. Agora ben, só alguén que coñeza relativamente ben a teoría do federalismo pode entender sen problemas nin explicacións detalladas o sentido e a mensaxe *federal* da palabra. Aquí pártese da hipótese contraria, é dicir, que o federalismo é unha idea moito menos transparente ou fácil de entender do que parece e do que se di a miúdo, idea que o lector medio non pode, polo tanto, entender se non se lle explica ben. Pártese, tamén, da hipótese de que o sentido especializado (federal) da palabra «iniciativa» non pode tampouco ser entendido polo lector sen axuda do historiador. O problema é que o historiador que non se meta a teórico do federalismo seguramente tamén pasará por alto (polas razóns que veremos máis adiante) o sentido *federal* da palabra.

Isto quere dicir que o significado co que van funcionar moitas veces o historiador e mais os seus lectores será o significado común da palabra «iniciativa», é dicir, non o do campo léxico do federalismo, senón o de *andar pola casa*, se se nos permite a expresión. De aí que, ao non recoller o singular «iniciativa», na nosa historiografía (ver exemplos do cadro), o sentido *federal* da palabra, este vai paseniño volvéndose máis feble e tenue (xa non é iniciativa global, senón particular, e para algo en particular), permitindo, deste xeito, o uso do plural «iniciativas» (económicas, políticas, educativas, etc.) sen levantar a máis mínima sospeita e, sobre todo, sen que queira dicir cousa diferente do singular nin mude o sentido do que se di¹². Por esa mesma razón pode, por exemplo, o historiador Gomís Rodríguez recoller as conclusións de Barreiro Fernández dicindo que «*a través de estas iniciativas Galicia adquirió por primera vez una experiencia política estatutaria*» (Gomís, 2000: 193). Por suposto que houbo iniciativas e propostas diversas (fiscais, económicas, educación, etc.), orientadas todas cara á autonomía galega, pero o que tamén houbo foi *iniciativa*, o que, ao noso parecer, muda cualitativamente o sentido desa autonomía-descentralización á que se refire o historiador.

¹² Pódese dicir que canto máis feble sexa o sentido federal do singular, tanto máis se lexitima e xustifica o uso do plural.

Se resumimos, todos os traballos citados coinciden en afirmar en maior ou menor medida que o CI:

1. É unha organización galeguista pioneira impulsada polo republicanismo.
2. Amosa, polo tanto, a colaboración e mutua influencia entre republicanismo galego e galeguismo (rexionalismo).
3. Propuxo importantes reformas de tipo xurídico, económico, social e educativo.
4. Era claramente partidario da autonomía de Galicia.

Centrándonos no que nos interesa, e evacuando unha cuestión que non é xa discutible, isto é, a da evidente compatibilidade teórica e mutua influencia entre republicanismo e galeguismo (veremos máis adiante a polémica cuestión do referente político), cómpre reparar no sentido pouco preciso e na ambigüidade das palabras «autonomía» e «galeguismo», utilizadas, ás veces, pola historiografía galega coma un caixón de xastre. Ao cabo, galeguistas e autonomistas como os do CI tamén o eran Brañas e Murguía, cada un á súa maneira. No entanto, é indiscutible que a visión que cada un deles tiña da organización político-territorial do estado español e de Galicia non permite en absoluto metelos a todos nun mesmo saco. Como tampouco pode meterse nun mesmo saco, como ben o viron a maioría dos historiadores citados, o federalismo galeguista do CI e o federalismo galego de obediencia pimargalliana de Indalecio Armesto, por exemplo. Agora ben, se hai algunha diferenza entre eles, como recoñecen os historiadores, e se federais galeguistas e federais fieis ao directorio republicano de Madrid rifaban, como o facían na prensa republicana verbo da forma federal da república, pode ser que o sentido da *iniciativa* sexa algo máis que o que atopamos no de autonomía-descentralización que dá a historiografía galega, sabendo ademais, como sabemos, que a autonomía pode ser grande ou pequena. Hai nela, podemos dicir, unha diferenza cuantitativa, cando o que semella estar a dicirnos a palabra «iniciativa» (o federalismo) ten máis que ver co cualitativo, cunha diferenza de estrutura e de lóxica.

Permítasenos lembrar que cando o CI, inmediatamente despois de proclamarse a república federal, formula a pregunta: «cómpre tomar a iniciativa?», hai ademais en Galicia e en España, cando menos, un precedente de organización federal por abaixo: o de 1869, cando os diferentes territorios peninsulares asinan os pactos federais que debían orientar a estrutura federal tanto do partido republicano como da futura república federal. Tamén cómpre lembrar que pouco antes de que se proclamase a I República, o republicanismo federal galego organizara o cantón galego, o que supoñía, de por si, poñer a Galicia como referente inicial e base do pacto federativo, da Federación española.

Así mesmo, tamén é necesario dicir que se os federais galeguistas do CI e os federais galegos intransixentes (que disentían sobre os medios ou a estratexia, non así sobre o fin) rexeitaban o modelo de Pi y Margall¹³ —que é un modelo que, ao tomar como base do pacto

¹³ Como farán máis tarde, explícita e nomeadamente, Vicente Risco (1966) e Castelao (2004), o que non deixa de ser unha coincidencia interesante.

federativo a soberanía individual, e non a cantonal, tendía por necesidade cara á descentralización—, é que ese modelo autonomista, imposto por arriba, non lles conviña. Polo tanto, é lexítimo, e poderase discutir canto se queira sobre a natureza do modelo do CI (o debate queda aberto), pero o que non admite discusión é que non querían o modelo de estado federal por arriba, descentralizador e autonomista; ou, dito doutro xeito, non é que non o quixesen —pois ao cabo, é mellor sempre ter autonomía, por pequena que sexa, que non tela—, senón que no caso de poder escoller (como eles pensaban poder facer polo que se deducía da teoría federal¹⁴), preferían outro modelo¹⁵. E unha vez desbotado o modelo pimargalliano, parece que só nos queda o modelo que podemos chamar federalismo confederal, ou sexa, una unión federal entre territorios soberanos que entran libremente no pacto pola súa vontade e iniciativa; idea que, aínda que non maioritaria no republicanismo galego, foi, discursivamente, moito máis recorrente durante o Sexenio do que se pensa ¹⁶.

3. DE ONDE VÉN O ERRO?

De pouco serviría sinalar o erro de interpretación cometido, ao noso entender, pola historiografía galega, se non se fai un esforzo por entender as causas que o motivan. A isto lle dedicamos esta última parte.

Ata o momento, vimos que o sentido da *iniciativa* do centro, da que dá conta a historiografía galega, e independentemente de que utilice o singular ou o plural, é o mesmo, isto é, o dun proxecto autonomista para Galicia dentro dun Estado español descentralizado (federal-descentralizado). Tamén vimos que o uso do plural que atopamos en obras tan importantes como as de Barreiro Fernández e Justo Beramendi vese en parte xustificado polo sentido ou o carácter feble que se lle dá á palabra «iniciativa» (en singular). As hipóteses que seguen tentan dar unha explicación desta interpretación, que nós consideramos depreciativa do federalismo e non conforme co que foi o federalismo galeguista durante o Sexenio.

Temos que deixar, de entrada, moi claro que non hai, ao noso entender, por parte da historiografía galega, unha intención deliberada, que obedeza a razóns ideolóxicas ou políti-

¹⁴ «La extensa órbita en que giran todas las doctrinas del régimen federal no permite prejuzgar el sistema que habrá de prevalecer en el desenvolvimiento de nuestra futura constitución. [...] Abiertos están los senderos de la legalidad a la manifestación libre de todas las aspiraciones; abocadas a su resolución las grandes cuestiones que entraña el principio federativo. Dentro del dilatado círculo que aquélla nos concede, despleguemos con energía y constancia nuestra actividad para que la transformación política se realice en armonía con lo que reclaman los elementos vitales de nuestro país» (CI, 1873).

¹⁵ Na historia do galeguismo esta é unha constante. Moitos serán os rexionalistas e nacionalistas, como o propio Murguía, que, conscientes da escasa marxe de manobra que lles deixaba o sistema unitario, por exemplo, durante Restauración, fanse politicamente «posibilistas» á espera de tempos mellores. As posibilidades en prol da autonomía e mesmo da autodeterminación galega durante o Sexenio son, non obstante, moito máis grandes, grazas precisamente ás perspectivas abertas polo federalismo, algo que naturalmente se reflicte a nivel discursivo.

¹⁶ Na prensa republicana federal particularmente; por exemplo, *El Derecho*, de Pontevedra, (3/07/1870): «si algunos reinos quieren gobernarse por sí mismos y sólo consienten en unirse por medio de un pacto, ¿qué mística autoridad vendrá a prohibirselo?». Cf. os nosos traballos xa citados sobre o tema.

cas, de minorar ou depreciar a experiencia e o sentido do que foi o CI e o federalismo galeguista. Isto está para nós fóra de dúbida¹⁷.

Na nosa opinión, se a historiografía galega erra na interpretación que fai, é de xeito inconsciente e involuntario. Para nós, a causa principal viría do moi deficiente coñecemento que se ten do federalismo e da noción de pacto federativo. Sobre este punto, como o amosan recentes estudos sobre o tema (Caminal, 2002, 2007; Requejo, 1998; Fossas e Requejo, 1999; Máiz, 2006; Beaud, 1999, 2007), é lexítimo dúbida da imparcialidade e da obxectividade científica de boa parte dos estudos sobre o federalismo, na medida en que estarían, de entrada, ideoloxicamente viciados pola lóxica estatalista e nacionalista coa que se achegan ao seu obxecto de estudo ou tema.

Isto é o que pasa coa maioría dos estudos históricos e teóricos sobre o federalismo español, que, moitas veces sen sabelo, fan unha lectura estatalista e gradualista da idea federal, quedando así o federalismo asimilado coa descentralización (soberanía do Estado central, autonomía das partes federadas). Isto pasa, hai que lembralo, en España e en moitos outros países ou estados federais nos que a tradición política do estado-nación supón a subordinación das partes ao todo federal (moitas veces predefinido organicamente). Esta é hoxe unha conclusión que, tras os recentes avances das investigacións, non é xa discutible: unha cousa é o federalismo que se fai na historia por e para o estado-nación (o seu dereito positivo), e que logo se explica nos libros (non sempre co debido rigor), e outra moi diferente é o que é verdadeiramente o federalismo ou o que debería ser se o dereito político seguise os seus principios e valores.

Se nos centramos no caso español, que é o que máis inflúe, por razóns obvias, sobre o galego, o federalismo ten a súa primeira fonte teórica en Pi y Margall, a mediados do século XIX, da que beberán posteriormente políticos, historiadores, etc. O problema é que Pi y Margall, como xa explicamos noutro lugar (Cagiao, 2009), tamén sucumbe aos encantos da nación unha e indivisible e do federalismo estatalista por arriba. Isto non deixa de ser curioso, xa que, como se sabe, Pi y Margall é o teórico español do pacto federativo por abaixo (introdutor e tradutor da obra de Proudhon).

Resumindo, o pactismo individualista de Pi y Margall, é dicir, o pacto sinalagmático e conmutativo de cidadáns libres, municipios e rexións libres na federación, vese sempre condicionado e subordinado ao carácter organicamente predefinido da nación unitaria española. Sendo, xa que logo, a nación española innegociable nos seus límites territoriais (fronteiras) e na súa soberanía. As partes que se federan (por así dicilo), chámense individuos, rexións ou constelacións, non teñen posibilidade ningunha de negociar as condicións do pacto federativo (límites territoriais, competencias, garantías xurídicas da súa autoxestión, etc.), do que forman parte organicamente. Isto quere dicir, se as palabras aínda teñen algún sentido, que non hai pacto federativo.

¹⁷ O argumento oposto (instrumentalización da historia de Galicia con fins nacionalistas) podería ter máis sentido, pero, como neste caso non estamos diante dun exemplo de esaxeración dun acontecemento histórico, senón máis ben o contrario, non merece ser considerado.

Non é esta, non obstante, a interpretación que atopamos na historiografía española sobre o federalismo. Nela, o pacto federativo de Pi y Margall (do individuo á federación) é o federalismo democrático por excelencia, teoría federal que non coñecería —enténdese— nin vicio nin incoherencia ningunha. Isto quere dicir que calquera modelo que non sexa o seu, sexa por pouco federal, e nese caso chamarase descentralización, sexa por federal de máis, e nese caso chamarase confederalismo (cando non separatismo ou nacionalismo irredento, o que, ao cabo, vén a ser o mesmo para a historiografía), non é federalismo. Velaí as conclusións da historiografía e da doutrina iuspublicista española sobre o tema.

Segue a historiografía galega as conclusións da historiografía española? Iso é, polo menos, o que parece. Hai, en calquera caso, elementos dabondo significativos ao respecto como, por exemplo, a idea manexada pola historiografía galega sobre a total contradición entre os postulados federais e os nacionalistas, ou sexa, que o que é federalista non pode ser nacionalista, e viceversa¹⁸. Agora ben, esa é unha idea tipicamente individualista e pimargalliana, é dicir, a da soberanía individual e a da vontade individual como fonte lexitimadora da federación, que, polo tanto, non ten en conta a vontade dos territorios que a forman para asentar a súa lexitimidade. Todo o que sexa fundar a federación sobre a base da aceptación do pacto polos territorios que a forman, isto é, sobre a base da soberanía territorial colectiva, é —dise—, por contrario á idea da soberanía individual, antidemocrático (nacionalismo orgánico). Faise, deste xeito, unha asociación negativa e antitética entre os movementos de autodeterminación (sexa por medio do federalismo, sexa por medio da secesión) e a democracia liberal, algo que é totalmente disparatado, pois do nacionalismo e das arelas independentistas dun territorio, poñamos por caso as Illas Canarias, non se pode deducir, cun mínimo de seriedade, que o novo estado independente non será democrático.

Se volvemos ao noso tema, hai que dicir que esta teoría individualista e estatalista do federalismo influíu claramente sobre os estudos galegos, o que terá consecuencias importantes en varios niveis:

1. O legado republicano federal na historia do galeguismo. Este tema deu pé, hai anos, a unha polémica entre os que sostían (Barreiro, 1973, 1974) que o republicanismo federal do Sexenio ten un lugar lexítimo na historia do galeguismo na medida en que lle forneceu unha serie de elementos positivos (de política práctica ou pragmática), sacándoo así do culturalismo do Rexurdimento —o que é indiscutible—, e aqueles (Vilas, 1973; Beramendi, 1981: 18 e 75) que afirmaban contactos entre republicanos e galeguistas, pero desbotando calquera influencia notable precisamente polo alleas que os galeguistas verían as ideas federais importadas do Estado español, negándolle, polo tanto, ao republicanismo federal galego do Sexenio, un lugar ou papel na historia do galeguismo decimonónico.

Segundo a explicación que dan as dúas partes —resumindo—, mentres que os federais tiñan como referente político e nacional España (o que é matizable), os galeguistas tiñan, en

¹⁸ Esta é unha idea que calou tanto e tan fondo que é hoxe manexada por políticos e cidadáns acotío.

cambio, Galicia, o que imposibilitaría sobre o tema calquera acordo entre eles que non fose circunstancial. Se os partidarios da primeira tese podían dar como exemplo o federalismo galego durante o Sexenio ou o federalismo de Aureliano Pereira xa na fase rexionalista; os segundos podían botar man de Murguía, que, como sabemos, nunca foi amigo da idea federal (por individualista e abstracta).

O curioso é que as dúas partes neste conflito levaban razón e erraban ao mesmo tempo. Levaban razón os primeiros, porque hai algo máis que contactos e influencias puntuais e circunstanciais entre unha parte do federalismo galego e o galeguismo. É certo que boa parte dos federais galegos eran pimargallianos, pero os que non eran pimargallianos eran fundamentalmente galeguistas, quizais non máis, pero, ao mellor, tampouco menos que os galeguistas da época ou da fase rexionalista posterior¹⁹. E levan razón os segundos na medida en que boa parte do republicanismo federal era unitarista, o que xustificaría o argumento do alleo das ideas republicanas federais impostas en Galicia polo republicanismo e polo Estado español, e tamén a desconfianza coa que non poucos galeguistas vían o federalismo. Con todo, erraban ambos os dous por non matizar a cuestión do referente político no federalismo galego; referente político que non ten por que ser o mesmo que o referente xurídico. Este último, como ben o explica Kelsen, refírese a unha estrutura con normas, unitaria e xerarquizada xuridicamente, pero non necesariamente na política.

Cómpre reparar en que, neste sentido, tanto o dereito internacional (que é o ámbito por excelencia da soberanía estatal) como o dereito interno coñecen e seguen a regra da xerarquía normativa e da soberanía limitada, sen que, non obstante, a soberanía política dos estados suxeitos do dereito internacional público sufra limitacións que nos impidan chamala así. No caso da federación, entendida segundo o principio contractualista (Beaud, 1999), a estrutura xurídica (pacto constitucional) vén precedida dun acto político que é o que funda o sistema de dereito, e ese acto político recibe na federación o nome de pacto federativo. Por esa razón non ten por que haber contradición entre o referente político «Galicia» do federalismo galeguista, que é sobre o que se crea a federación, e o referente xurídico-constitucional «España» ou «Federación española» ao que dá lugar o pacto²⁰; ou, o que é o mesmo: os estados partes na federación poden abandonar parcelas máis ou menos importantes da súa soberanía (xurídica: como pasa no dereito internacional) con tanta máis tranquilidade canto que a súa independencia política na federación fica asegurada.

¹⁹ O que cambia, naturalmente, é o contexto. Durante o Sexenio, as posibilidades que o sistema lle ofrece a Galicia para obter a súa autonomía pola vía legal, e mesmo revolucionaria, eran considerables. Por iso as estratexias discursivas tenden a facer fincapé en aspectos de política práctica, deixando un tanto de lado os aspectos culturais (como a lingua). A finais do século XIX e principios do XX, a situación xa non é a mesma, e nun sistema que ofrece tan poucas posibilidades para os galeguistas, é lóxico que a retórica culturalista funcione con máis forza que durante o Sexenio.

²⁰ Como tampouco hai contradición ningunha en dereito internacional público e privado entre a soberanía (política) plena dos estados suxeitos e axentes do dereito internacional e a limitación xurídica da súa soberanía pola aceptación e ratificación precisamente dos tratados e convenios reguladores do dereito internacional público ou privado, que pasan, deste xeito, a facer parte do sistema normativo interno.

2. Contradición galeguismo ou nacionalismo-federalismo. O problema é que hai quen teima en dicir que, a pesar do que se dixo no punto anterior, o nacionalista e o federalista non poden entenderse porque non teñen o mesmo fin. Isto é certo, pero tamén matizable. Se o nacionalista pode ter como fin a creación dun estado-nación separado, o federalista só o seguirá se non lle queda máis remedio (pero pode seguilo perfectamente). O fin do federalista é un fin de unión con outros territorios, finalidade na que el ve máis vantaxes que na opción separatista.

Agora ben, se o fin pode non ser o mesmo (tamén pode selo como veremos decontado), o punto de partida si o é, isto é, a soberanía da pequena nación, e polo tanto a súa vontade ora de formar un estado-nación, ora de entrar na federación. Por suposto que o que é federalista quere entrar na federación (senón non sería federalista), pero non baixo calquera condición (senón non sería federalista). Xustamente porque pode discutir e negociar as condicións da unión federal, poderá, chegado o momento, entrar na federación ou ficar fóra. En calquera caso, se entra nela é porque as condicións lle resultan aceptables. E precisamente porque pode discutir as condicións da unión co resto de nacións fundadoras, pode asegurar as condicións da súa independencia política (non a confundamos coa xurídica) dentro da federación, introducindo, por exemplo, un dereito de secesión.

Visto así, pero só a condición de velo así, non parece que o nacionalista teña moito que perder elixindo tamén a federación. E iso é precisamente o que parece que entenderon tanto os federais galeguistas do CI como outros teóricos e pensadores galegos, aos que ninguén se atreverá a negarlles a credencial nacionalista, como Vicente Risco e Castelao, os que, por moi nacionalistas que fosen, preferían antes o federalismo (non o federalismo pimargalliano) que a independencia²¹. Non obstante, tanto en Risco como en Castelao, estamos a falar tanto dun verdadeiro nacionalismo coma dun verdadeiro federalismo. Agora ben, como entender isto se a historiografía nos di que esas dúas ideas son contraditorias, que non se pode ser as dúas cousas ao mesmo tempo? Imposible co modelo descrito pola historiografía: non nos permite entender correctamente nin o nacionalismo (maximalista —e endemoñado²²— de máis) nin o federalismo (morno de máis).

3. Lectura depreciativa do federalismo con graves consecuencias políticas. Atribúeselle xeralmente ao federalismo galego unha sorte de autosubmisión voluntaria ao Estado central que non corresponde á realidade do seu ideario e que ademais tende a facer moi difícil a reconciliación e o diálogo entre o nacionalismo e o federalismo, ou, dito doutro xeito, a aceptación por parte do nacionalismo das teses do federalismo, visto moitas veces como o inimigo na casa. Isto é tanto máis curioso canto que precisamente case todo o mundo coincide en ver o federalismo como o antídoto do nacionalismo, ou, en calquera caso, como a filosofía que pode

²¹ Por exemplo: «*Nós non queremos faguer de Galicia unha nación soberana; nós non queremos soparar á nosa Terra da simbiosis ibérica. Nós queremos formar parte de Hespaña e contribuir, co noso xenio nacional galego, á vida hespañola*» (Risco, 1966: 30). «*Cremos que o separatismo é unha idea anacrónica e somentes o disculpamos como un movemento de desesperación que endexamais quixéramos sentir [...]. Nós non somos separatistas*» (Castelao, 2003: 69-70, 259).

²² Na historiografía e nos estudos especializados españois.

levar o nacionalismo a posicións máis razoables e cabais na democracia. E así é en realidade; pero non o federalismo estatalista por arriba ou por abaixo, senón o federalismo que podemos chamar con Castelao *plurinacional* (Castelao, 2003: 75). De aí a necesidade de entender e explicar que non hai necesariamente contradición entre o nacionalismo e o federalismo, que o nacionalista pode ser federalista sen renunciar á súa idea de nación (independencia política na federación), e o federalista pode ser nacionalista sen renunciar á idea de unión e de relación con outras nacións e culturas.

CONCLUSIÓN

As palabras importan. As letras tamén. A nosa linguaxe está chea de expresións e conceptos marcados polo peso da nosa tradición política estatalista e nacionalista, e son por iso o vivo reflexo das dificultades que dentro dun determinado contexto ou cultura podemos ter para entender e dar conta de determinadas ideas e determinados fenómenos. O caso do CI e do <s> que se invita, ás veces, na nosa historiografía para dar conta del é nese sentido un bo exemplo da progresiva perda ou depreciación, nas ciencias sociais, do sentido dos valores e principios da filosofía federal dentro dos estados-nación nos que, como sabemos, nace e se desenvolve nos dous derradeiros séculos a democracia e tamén o federalismo.

Este traballo tenta explicar o sentido dunha das primeiras experiencias federais da nosa historia á luz da propia tradición e dos valores do federalismo, procedemento metodolóxico que é para nós indispensable se o que se pretende é entender e explicar o federalismo, o do noso pasado e o que aínda está por vir.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Barreiro Fernández, X. R. (1973). «Aproximación metodolóxica al estudio del federalismo republicano en Galicia (1869-1874)». In *Actas de las I Jornadas de metodología aplicada de las ciencias históricas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, t. IV, 303-14.
- (1974). «Federalismo e rexionalismo galego no século XIX», *Grial* 43, 49-53.
- (1977). «O galeguismo histórico (1840-1936)», *Teima* 32, 37-39
- (1981). *Historia de Galicia*, t. IV, Vigo: Galaxia.
- (2001). «El republicanismo coruñés del siglo XIX. Mito y realidad histórica». In Xosé Luís Martínez Suárez et al., *El republicanismo coruñés en la historia*, A Coruña: Concello da Coruña, 55-79.
- Beaud, O. (1999). «La notion de pacte fédératif. Contribution à une théorie constitutionnelle de la Fédération». In J. F. Kervegan & H. Mohnhaupt (dirs.), *Liberté sociale et lien contractuel dans l'histoire du droit et la philosophie*. Frankfort: Klostermann, 199-270.
- (2007). *Théorie de la Fédération*. Paris: PUF.
- Beramendi, J. (1981). *Vicente Risco no nacionalismo galego*. Santiago de Compostela: Edicións do Cerne.

- (2001). «Republicanism coruñés e galeguismo». In Xosé Luís Martínez Suárez et al., *El republicanismo coruñés en la historia*, A Coruña: Concello da Coruña, 185-90.
- (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Beramendi, J. & X. M. Núñez Seixas (1996). *O nacionalismo galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- Cagiao & J. Conde (2005). *Décentralisation ou fédéralisme? Discours fédéralistes dans la Galice du Sexenio Revolucionario (1868-1874)*, 2 vol., tese de doutoramento: Université de Tours.
- (2006a). «Republicanism y federalismo en la Galicia del Sexenio Democrático (1868-1874)». In E. Grandío Seoane (ed.), *República e republicanos en Galicia*. A Coruña: Ateneo Republicano de Galicia, 31-54.
- (2006b). «La Révolution vue par Proudhon: de quelques débats proudhoniens dans la presse galicienne révolutionnaire (1868-1874)», *Proudhon et la presse*, col. Archives proudhoniennes, Paris: Société P. J. Proudhon, 99-111.
- (2006c). «El federalismo español en la Historia: volvamos a Proudhon», *Res Publica*, Revista de Filosofía Política 16, 97-128.
- (2009). «La nación como censura del federalismo. El caso de Pi y Margall». In J. C. Garrot; J. L. Guereña & M. Zapata, *Figures de la censure dans les mondes hispanique et hispano-américain*. Paris: Indigo, 197-221.
- (no prelo). *Proudhon. Escritos federalistas*. Madrid: Akal.
- Caminal, M. (2002). *El federalismo pluralista. Del federalismo nacional al federalismo plurinacional*. Barcelona: Paidós.
- (2007). «Una lectura republicana i federal de l'autodeterminació», *REAF* 5, 11-38.
- Castelao, A. (2004) [1944]. *Sempre en Galiza*. Vigo: Galaxia.
- Centro de Iniciativa (1873). *A Galicia*. Santiago: Imprenta de la Gacetilla.
- Cores Trasmonte, B. (1976). *Sociología política de Galicia*. A Coruña: Librigal.
- Fossas, E. & F. Requejo (eds.) (1999). *Asimetría federal y Estado plurinacional. El debate sobre la acomodación de la diversidad en Canadá, Bélgica y España*. Madrid: Trotta.
- Gomís Rodríguez, A. (2000). *La insurrección de Ferrol de 1872*. A Coruña: Dep. Provincial da Coruña.
- Máiz, R. (1984). *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- (2006). «Federalismo plurinacional: una teoría política normativa», *REAF* 3, 43-85.
- Moreno González, X. (1978). *El federalismo gallego durante el Sexenio (1868-1874)*, tesina de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- (1974). «Federalismo», *Gran Enciclopedia Gallega*.
- Requejo, F. (1998). *Federalisme per a què?*. Barcelona: 3 i 4.
- (2003). *Federalisme plurinacional i estat de les autonomies. Aspectes teòrics i aplicats*. Barcelona: Proa.
- Risco, V. (1966) [1920]. *Teoría do nacionalismo galego*. Buenos Aires.
- Schmitt, C. (2003). *Teoría de la Constitución*. Madrid: Alianza.
- Vilas Nogueira, X. (1973). «Federales e rexionalistas galegos no século XIX. Un exemplo de mistificación histórica», *Grial* 42, 430-36.